



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO, PARA GARANTIR A POTABILIDADE DA AUGA DESTINADA AO CONSUMO DO CIDADÁN EN VIGO.

Expediente: N.7.Q/64/18

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018

Sr. alcalde:

Ante esta Institución, compareceu [REDACTED], na súa condición de membro do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, mediante escrito do 10 de xaneiro de 2018.

Solicitou a nosa intervención para obter acceso a unha información puntual do goberno municipal sobre os resultados das análises realizadas tanto pola concesionaria municipal do servizo de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo, como do laboratorio municipal.

Baseaba este dereito de acceso á información pública no disposto nos artigos 23 da Constitución española; 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e dos artigos 14 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de outubro do Regulamento, organización e réxime xurídico das entidades locais; así como no disposto na Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e da Lei autonómica 1/2016 do 18 de xaneiro, referente á transparencia e bo goberno da Comunidade autónoma de Galicia.

No desenvolvemento da súa petición practicáronse as actuacións que se relacionan nos seguintes:

I

Antecedentes

1.- Con data do 19 de xaneiro admitiuse a trámite o expediente de queixa e promoveuse ante o Concello de Vigo e ante a Consellería de Sanidade unha investigación, sumaria e informal co obxecto de coñecer as actuacións practicadas para garantir a potabilidade da auga destinada ao consumo cidadán no termo municipal.

2.- O 14 de febreiro, ten entrada no rexistro desta Institución o informe realizado pola Dirección Xeral de Saúde Pública de 9 de febreiro de 2018. Tendo en conta o seu contido deuse traslado íntegro do mesmo o día 21 de febreiro ao Concello de Vigo e á interesada no expediente de queixa.

3.- Ao non obrar aínda no expediente de queixa a información requirida ao concello, reiterouse o 2 de abril (R. saída nº 3472/18). A resposta municipal tivo entrada no rexistro desta Institución o 26 de abril (R. entrada nº 4006/18), tomándose coñecemento do informe asinado polo segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Area de fomento, contratación e limpeza, co contido seguinte:

“1.- Por parte do Grupo Municipal do Partido Popular se ven realizando unha serie de peticións que supoñen un tratamento de información de miles de páxinas, entre as que se atopan diferentes analíticas. No proceso de elaboración dos informes analíticos solicitados se sigue o seguinte procedemento:

1º.- Toma da mostra

2º.- Unha vez tomada a mostra, esta debe analizarse en laboratorio certificado, o que require a espera dos tempos estipulados nos procedementos analíticos para a obtención dos resultados.

3º.- Unha vez obtidos os resultados, estes deben trasladarse a un informe, o cal tamén require dun tempo de elaboración, debendo o dito informe ser validado polo responsable do laboratorio certificado.

Non se trata por tanto dun proceso de copia-pega senón dun proceso técnico laborioso para alcanzar un resultado técnico, polo que a entrega de informe analítico non pode ser automática.

A isto debe engadirse que os mesmos:

- Son remitidos á Xefatura territorial de Sanidade da Xunta de Galicia, autoridade competente en materia sanitaria cando así o indique.

- Deben ser incorporados ao Sistema Nacional de Augas de Consumo (SINAC) segundo disposto no RD 140/2003, sistema que conta con libre acceso para os cidadáns.

II.- Todas as peticións de documentación realizada polo Grupo Municipal do Partido Popular foron contestadas a medida que se foi dispoñendo da documentación solicitada. Así se adxunta:

- Documento nº 1 de data 19.12.2017: resposta ás solicitudes con n.º expediente 1672/1101, 1668/11001, 1671/1101, 1665/1101, 1666/1101, na que se informa de que parte da documentación e de libre acceso por ser aprobada pola Xunta de Goberno Local e se facilita outra parte (analíticas Aqualia e boletines laboratorio).

- Documento nº 2 de data 29.01.2018: resposta ás solicitudes 1685/1101, 1686/1101, 16/80/1101 e 1681/1101 (analíticas de novembro e decembro 2017).

Documento nº 3 de data 30.01.2018: complétase a resposta á solicitude 1685/1101 (incidencias artigo 27.2 do RD 140/2003).

Documento nº 4 de data 27.02.2018: resposta ao documento 1703/1101 (analíticas xaneiro 2018).

CONCLUSIÓNS

1º.- Todos os documentos solicitados están a disposición do Grupo Municipal do Partido Popular en canto os mesmos están rematados, unha vez realizados os procesos técnicos e analíticos necesarios para a correcta prestación do servizo público.

Todo elo, tendo en conta que as analíticas son incorporadas tal e como dispón o RD 140/2003, no Sistema Nacional de Augas de Consumo (SINAC) que conta cun libre acceso cidadán, como se ven informando ao grupo municipal do Partido Popular.

2º.- O grupo municipal do Partido Popular ven facendo unha petición de información abusiva, solicitando de maneira continua, entre outras, documentación á que teñen libre acceso por ser de aprobación da Xunta de Goberno Local, etc.).

3º.- *A documentación, en materia de abastecemento de auga, supón miles de páxinas e un traballo que vai máis alá da mera toma de mostras, que en todo caso lles é facilitado no prazo máis breve posible.*

4º .- *Unha vez acreditado a falsidade desta afirmación, solicítase que se archive o expediente por non ser certo o obxecto do mesmo.*

Asimesmo manifestar que non se considera que a figura da valedora sexa o medio idóneo de canalizar as actuacións políticas do grupo municipal do Partido Popular, e que sen dúbida a actuación desta institución é máis necesaria na defensa de cidadáns que non contan cos medios e a capacidade do grupo municipal do Partido Popular.

Cabe neste punto recordar que o Concello de Vigo ten sido recoñecido como boa práctica en materia de transparencia, entre outros pola Rede de transparencia da FEMP.”

II

Avaliación da información remitida e da documentación achegada ao expediente

1.- En primeiro lugar e pola súa orde cronolóxica, mencionamos o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre as actuacións practicadas para garantir a potabilidade da auga destinada ao consumo cidadá no termino municipal de Vigo. Foi remitido o día 21 de febreiro ao Concello de Vigo e á titular do expediente de queixa, polo que obviamos a súa reprodución agás os parágrafos finais pola súa incidencia sobre a calidade da auga destinada ao consumo humano:

“Sen menoscabo do anterior, a Xefatura Territorial de Sanidade de Pontevedra acordou o inicio dun expediente sancionador ó Concello de Vigo, como responsable do servizo de abastecemento de auga de consumo humano de Vigo e a suspensión temporal do funcionamento do laboratorio municipal do Concello de Vigo para a realización de análises da auga para consumo humano ou actividades para as que se esixa a posesión de certificación/acreditación para tal efecto, en tanto non presente a correspondente certificación/acreditación prevista no Real decreto 104/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano.

En base a feitos expostos con anterioridade, a Xefatura Territorial de Sanidade de Pontevedra determina a cuantificación provisional da sanción no importe de 21.520,26 euros por catro infraccións administrativas, tres delas tipificadas de carácter grave e outra de carácter leve. Isto é, 6.010,13 pola ausencia de certificación ou acreditación do Laboratorio Municipal, outros 6.010,13 pola falta de determinación de metais nas analíticas de control e

8.000 pola ausencia de notificación á autoridade sanitaria en varias ocasións en que se constatou a situación de auga non apta para o consumo. En canto á infracción leve, acorda a cantidade de 1.500 euros por non subministrar os datos ao Sinac.”

2.- En segundo lugar e con relación á información facilitada polo Concello de Vigo, semella oportuno facer unha referencia á declaración contida no parágrafo final do seu informe.

“Asimesmo manifestar que non se considera que a figura da valedora sexa o medio idóneo de canalizar as actuacións políticas do grupo municipal do Partido Popular, e que sen dúbida a actuación desta institución é mais necesaria na defensa dos cidadáns que non contan cos medios e capacidade do grupo municipal do Partido Popular.

Cabe neste punto recordar que o Concello de Vigo ten sido recoñecido como boa práctica en materia de transparencia, entre outros pola Rede de transparencia da FEMP.”

As devanditas verbas son merecentes das seguintes consideracións:

A natureza e independencia da Institución do Valedor do Pobo.

Unha vez mais hai que salientar a natureza do Valedor do Pobo, cuxo titular é alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas recoñecidas na Constitución e que estende tamén a súa actividade á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía (artigo 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño).

No exercicio de dito mandato legal poderá supervisar a actividade da administración local no ámbito das competencias que o Estatuto de Autonomía e a lexislación vixente lle confiren á comunidade autónoma (artigo 16.1 da citada Lei autonómica).

E no que atinxe a súa independencia, debemos lembrar o disposto no artigo 6 da citada Lei:

1. O Valedor do Pobo de Galicia non estará suxeito a ningún mandato imperativo. Non recibirá instrucións de ningunha autoridade. Desempeñará as súas funcións con autonomía e segundo o seu criterio.

2. O Valedor do Pobo gozará das prerrogativas e garantías necesarias para o cumprimento da súa función, de acordo coa lexislación vixente.

Por último, e respecto á transparencia desta Institución na súa xestión, subliñamos que nos últimos dous anos se lle recoñeceu o primeiro posto en transparencia entre os defensores autonómicos do Estado español.

Habilitación para intervir na prestación do servizo de auga a domicilio.

O artigo 13, apartado c da Lei autonómica 6/1984, subliña que a Institución do Valedor, de oficio ou a instancia de parte, poderá iniciar e proseguir calquera investigación sobre:

“c) Os servizos xestionados por persoas físicas ou xurídicas mediante concesión administrativa e, en xeral, calquera organismo ou entidade pública ou privada que realice funcións de servizo público e se encontre suxeita a calquera tipo de tutela naquilo que afecte ás materias integradas nas competencias da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e a lexislación vixente.”

Non podemos esquecer que estamos en presenza dun servizo público esencial para a comunidade municipal no que concorren as seguintes características:

É básico (art. 22.3, letra a) do Decreto legislativo 7/2015, que aproba a Lei do chan e de rehabilitación urbana, e o artigo 15 do Directiva marco de auga 2000/60.

É unha competencia propia do municipio e a súa prestación ten o carácter de mínima e obrigatoria (art. 25.2 e 26.1 a) da Lei 7/85 de bases de réxime local.

Goza de atención prioritaria (art. 70 do texto refundido da Lei de augas 1/2001).

E a súa prestación está sometida a control sanitario (art. 42.3.a) da Lei xeral de sanidade 14/1986 e Real Decreto 140/2003).

Polo tanto, a nosa intervención -coa finalidade de garantir a potabilidade da auga destinada a consumo humano-, supón coadjuvar ao cumprimento do principio reitor recoñecido no artigo 43.2 da constitución española.

3.- Por último, e respecto ao dereito dos concelleiros para o acceso á información pública, debemos lembrar:

- Que o seu réxime xurídico ven regulado polos artigos 77 de LRBRL e 226 da Lei autonómica 5/1997, reguladora da Administración Local de Galicia. O devandito réxime xurídico complétase cos artigos 14 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e

Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), de 28 de novembro de 1986 e nos regulamentos orgánicos das distintas corporacións locais.

- Que estamos en presenza dun dereito instrumental vencellado ao artigo 23.2 da constitución; individual -que non limita a lexitimación dos grupos municipais para o seu exercicio- ; de prestación -que se perfecciona co acceso á información e documentación municipais-; un dereito de acceso igualitario, cos límites taxados na lei e sempre motivado de xeito expreso.

- Que se rexe pola súa normativa específica local e pola lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, con carácter supletorio (Disposición adicional primeira 2).

O devandito dereito de acceso á información foi potenciado e fortalecido pola entrada en vigor da Lei 19/2013. Os seus preceptos –moitos básicos e outros de aplicación supletoria de conformidade coa Disposición Adicional Primeira 2- deben ser aplicados pola administración local de Galicia.

Nesta liña o dereito de consulta dos expedientes administrativos así como a obtención da documentación que figuren nestes, recoñecido aos membros das corporacións locais, debe ser garantido. O desenvolvemento das técnicas de información e comunicación e a implantación da administración electrónica nas corporacións locais, facilitan o procedemento administrativo de acceso á información regulado polos artigos 17 a 23 da Lei 19/2013.

Por último, a consulta e obtención de documentos locais e, en xeral, o acceso á información pública dos membros das corporacións locais, debe ter, a lo menos, os mesmos parámetros que o dereito do cidadán á súa participación. De non facelo así, produciríase unha limitación inxustificada do dereito de información dos cargos electivos locais.

III

CONCLUSIÓN

O estudo do expediente pon de manifesto as dúas cuestións centrais nas que se basea a reclamación.

A primeira é a falla dunha información puntual do goberno municipal sobre os resultados das análises realizadas, tanto pola concesionaria municipal do servizo de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, como do laboratorio municipal.

O exame da documentación complementaria achegada ao informe municipal (expediente administrativo número 3864/321), pon de manifesto a entrega e recepción de copias das incidencias que se contemplan no artigo 27.2 do Real Decreto 140/2003 de 7 de febreiro, no que se establecen os criterios de calidade da auga de consumo humano, remitidas ao grupo municipal do Partido Popular.

A segunda, recolle a intervención da Dirección Xeral de Saúde que, con data 24 de xaneiro de 2018, requiriu ao concello e á concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento un informe sobre a orixe dos incumprimentos detectados no subministro de auga a domicilio, das medidas adoptadas e da apertura de expedientes sancionadores por catro infraccións administrativas.

Pola motivación exposta e no exercicio das atribucións conferidas a esta Institución polo artigo 32.1 da Lei autonómica 6/1984, do 5 de xuño, formúlase á administración municipal de Vigo, a seguinte RECOMENDACIÓN:

Para garantir a potabilidade da auga destinada ao consumo do cidadán en Vigo, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Vigo e o Laboratorio municipal do concello deben adoptar as medidas preventivas e correctoras establecidas consonte cos criterios sanitarios establecidos no Real Decreto 104/2003, do 7 de febreiro.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación ou non da recomendación formulada, e de ser o caso, das medidas adoptadas para darlle efectividade.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo